

A LOITA POLA BIODIVERSIDADE

EN PERIGO O Colexio de Biólogos de Galicia denuncia que 1.200 quilómetros da costa "están ameazados polo cemento utilizado na construcción de vivendas, campos de golf e portos deportivos"

De explotar a protexer

Os 4.500 puntos de verteduras nos ríos ou a contaminación das rías, as maiores eivas para Manuel Vázquez

Redacción/axencias • Santiago


Con motivo da celebración hoxe do Día Mundial do Medio Ambiente o Colexio de Biólogos de Galicia (Cogba) denunciou onte que "1.200 quilómetros da costa galega están ameazados polo cemento, debido construcción de vivendas, campos de golf e portos deportivos".

A organización indicou nun comunicado que espera que "o Plan de ordenación do litoral sirva para frear esta degradación, ofrecendo a máxima colaboración dos nosos profesionais" e recordou que o patrimonio mariño "debe deixar de ser só un recurso a explotar, transformándose nun recurso a protexer".

O Cogba subliñou que en Galicia están en perigo de extinción 74 especies, 49 de flora, 8 de invertebrados, 3 de vertebrados, 13 aves e un mamífero e engadiu que o Catálogo Galego de Especies Ameazadas é un "documento sobre o que traballar na conservación da natureza".

Pola súa parte, o conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, asegurou onte que a preocupación pola defensa do contorno ten "carácter transversal" na Xunta e sinalou que o "Gobierno galego non se engaña" á hora de aplicar estas políticas. Vázquez reconeceu que "ainda queda moito por facer" e apuntou que os maiores problemas que sofre Galicia se atopan nos "máis de 4.500 puntos de verteduras en ríos, a contaminación das rías e a pequena parte que supón os espazos protexidos".

O titular de Medio Ambiente indicou que o obxectivo básico é lograr que "todas as accións de desenvolvemento teñan en conta criterios



O urbanismo feroz afecta a moitas localidades costeiras como Foz na Mariña luguesa

AFFECTARÍA AO 40 % DA POPOACIÓN

En alerta pola suba do nivel do mar

O Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente (Pnuma) alertou no seu informe deste ano que as vidas de miles de millóns de persoas veranse gravemente afectadas pola diminución dos casquedes polares e os glaciarios debido ó cambio climático, impacto que terá como consecuencia máis directa os cambios na disponibilidade da auga, así como a subida do nivel do mar en moitas partes do planeta. O Pnu-

ma estima, na súa Previsión Global para Xeo e Neve, que un 40 por cento da poboación mundial poderá verse afectada pola perda de neve e glaciarios nas montañas de Asia. Cambios similares poderán sufrir poboacións limítrofes cos Alpes, os Andes e os Pirineos. Os riscos asociados ó desexo inclúen tamén avalanchas e inundacións pola inestabilidade da auga dos lagos glaciarios.

de mantemento e protección da natureza", pero que "permitan o crecemento económico". Engadiu que isto se "consegue con plans de ordenación adecuados" e subliñou que a política ambiental da Xunta atópase entre as más "vanguardistas" do Estado, xa que o Goberno "fixo dela un dos seus eixes centrais".

Otra organización que se pronunciou en favor de medidas para fomentar o desenvolvemento sostenible é o sindicato UXT, que instou onte o Goberno para "completar e reforzar a capacidade de acción política do Ministerio de Medio Ambiente cunha maior dotación de recursos e

medios técnicos e materiais". Así mesmo chaman, nunha nota de prensa, a todas as "administracións a culminar os actuais mandatos coa aprobación e a implantación da Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible e Cambio Climático".

O PSDG, sumándose ás iniciativas en favor da defensa do medio natural, presentou onte unha proposición non de lei co obxectivo de impulsar medidas dirixidas a combatir o cambio climático. A entidade bancaria CaixaNova tamén celebrará o Día do Medio Ambiente cunha xornada de portas abertas en Nтурnoa o vindeiro sábado día 9. ●

TEXTO ■ Propón que os países en desenvolvemento controlen tamén as emisións de CO₂ a cambio de cartos

China fai o primeiro plan para frear o quecemento

O presidente chinés, Hu Jintao, presentarán no cumo do G-8 en Alemania as novas propostas de Pequín para facerle fronte ó cambio climático, nas que China susire que os países en desenvolvemento tamén controlen as súas emisións de CO₂, pero

a cambio de axuda económica dos países desenvolvidos.

"China ten un compromiso serio para co cambio climático, e tratará o asunto con espírito responsable cara á vida humana", destacou onte un responsable do

Ministerio de Asuntos Exteriores chinés, Cui Tiankai, quen presentou a axenda de Hu para o cumo de Heiligendamm. O alto cargo sinalou que "as nacións en desenvolvemento deben prover con fondos e tecnoloxías para auxiliar os países en desenvolvemento a combatir o cambio climático", palabras que representan a posición que defenderá Hu na reunión dos oito países máis industrializados. O país asiático fixouse no entanto o obxectivo de reducir o consumo enerxético un 20 por cento no 2010, o que en teoría diminuirá a súa emisión de gases de efecto invernadoiro. ● EFE

FORO ■ Din que garantaría a subministración eléctrica e o respecto ó medio natural

Piden máis centrais nucleares en España

O Foro da Industria Nuclear sumouse onte á celebración hoxe do Día Mundial do Medio Ambiente recordando a necesidade da enerxía nuclear para garantir a subministración eléctrica e o respecto ó medio natural. O Foro

Nuclear considera que España necesita construír máis centrais nucleares e operar a longo prazo as existentes. As centrais nucleares cumplen "un importante papel no desenvolvemento sostible", destacaron dende o foro. ● EFE